



XESTIÓN DE BIORRESIDUOS - OBRIGATORIO PARA TODA A VECIÑANZA

■ **SABÍAS QUÉ?** É obrigado por lei para todos os concellos xestionar os biorresiduos domésticos de xeito separado?

En Vedra apostamos pola compostaxe doméstica facilitando gratuitamente un composteiro a cada vivenda que así o solicite e por iso xa levamos repartidos máis de 300 en anos anteriores. Agora serán máis de 1000 os entregados nos domicilios vedreses nos vindeiros 2 anos, para as vivendas que dispoñan de espazo e terreo para acollerse a este programa de compostaxe doméstica.

AÍNDA NON TES O TEU COMPOSTEIRO? SOLICÍTAO XA NO 981 814 612 OU NO SEGUINTE ENDEREZO ELECTRÓNICO: residuoskmcero@concellodevedra.gal

OLLO!! XUNTO CO BOLETÍN DE ABRIL RECIBIRÁS UN EXEMPLAR DA GUÍA DE XESTIÓN DOS BIORRESIDUOS!! Bótalle un ollo!!



ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!



INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN ABRIL SERÁ O MARTES 16

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

CITA PREVIA OBRIGATORIA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.



EN MARZO VEDRA FOI MULLER



Acto de Recoñecemento "Vedra é Muller" este ano dedicado ás nosas avoas.



Actividade "Marimba de Contos pola Igualdade" na Ludoteca.



MULLERES NO AGRO
Que papel ten a muller no campo?

pensa
nelas



Concello de Boqueixón
Concello de TOURO
Concello de Vedra

8M NO CAMIÑO da igualdade

Campaña presentada na II Andaina pola Igualdade.



II Andaina no Camiño da Igualdade.



Obradoiro de Risoterapia "Ai! que me mexo" risas na terra.



Foro Muller e saúde con obradoiros de saúde sexual e menstrual para mulleres e nenas.



ÚLTIMAS ACTIVIDADES DAS XXVIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



Visita teatralizada ao Pazo de Ortigueira.



Excursión a Fene e Narón para clausurar as XXVIII Xornadas Arredor da Camelia.

PROGRAMACIÓN DA 3ª IDADE



Sesión de Escola de Saúde impartida pola enfermeira do Centro de Saúde de Vedra Genma Albela.



Nova edición do Proxecto Camiños de Coñecemento e Experiencia coa USC para a terceira idade vedresa.



Xornada de bingo.



Grupo de traballo corporal do Programa de Miores.



A formación do programa europeo Youleaders, co noso voluntariado xuvenil.



Xornada (re)Pensar a Festa en Vedra dentro do Proxecto Palcos.



Concerto de música antiga do Grupo Menestreis en San Xíán coa actuación do Coro Parroquial Lедicia.



Presentación da idea de crear unha Comunidade Enerxética en Vedra.



Xornada "A Administración Dixital preto de ti".



Visita dunha excursión do Concello de Mos a Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Teatrofilia 2024 coa Asoc. Cultural Papaventos con catro fins de semana continuadas de teatro Amador no Centro Soiocultural de Vedra!



IX Duatlón Concello de Vedra por equipos co Club Olímpico de Vedra. Bótalle un ollo ás súas redes sociais, para coñecer canto aconteceu.



Laconada da Comisión de Festexos de San Pedro de Sarandón.



Commemoración polo Día de Rosalía da Fundación Rosalía no CPI Plurilingüe de Vedra.



De Interese

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

• HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

• Email: registrocivil.vedra@xustiza.gal



TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ Na web municipal www.concellodevedra.gal está habilitada unha ventá dentro da sección de actualidade municipal, nela sempre poderás ver as axudas que podes solicitar e outras informacións de interese xeral.



Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición.



PREINSCRICIÓNS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024

■ Co obxectivo de facilitarlle á rapazada a participación en actividades socioeducativas, deportivas e de tempo libre, o concello de Vedra oferta as prazas para os Campamento de Verán 2024 en colaboración co concello de Boqueixón.

Minicampamento de aventura:

- **Datas:** do 22 ao 25 de xuño (4 días, 3 noites).
- **Destinatarios/as:** nados/as: 2013, 2014 e 2015.

Campamento de mar

- **Datas:** do 22 ao 29 de xuño (8 días, 7 noites).
- **Destinatarios/as:** nados/as: 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Campamento xuvenil: Viaxe do Verán - Alicante

- **Datas:** do 22 ao 28 de xullo (7 días, 6 noites, saída o día 21)
- **Destinatarios/as:** nados/as: 2006, 2007 e 2008.

PREINSCRICIÓNS:

Do 15 ao 26 de abril en www.concellodevedra.gal

ACCIÓN DE VERÁN 2024

PREINSCRICIÓNS CAMPAMENTOS DO 15 AO 26 DE ABRIL
en www.concellodevedra.gal

 **Concello de Vedra**

LÍDERES COMUNITARIOS EN ÁREAS RURAIS YouLeader

■ O concello de Vedra en colaboración coa Fundación Galicia Europa está a participar no proxecto YouLeaders, unha iniciativa que busca promover a cidadanía activa e ten como obxectivo formar e promover habilidades de liderado entre a mocidade das zonas rurais do Suroeste de Europa. Participan un grupo de 12 mozos de 16 a 19 anos implicados no programa de Voluntariado Xuvenil.

Actualmente está a desenvólvese a parte formati-

va. Os principais contidos do curso inclúen: habilidades “soft” e de liderado, dirixido ao desenvolvemento persoal e socioprofesional da mocidade; módulos sectoriais como innovación social, equidade de xénero, obxectivos de desenvolvemento sostible (Axenda 2030), habilidades dixitais, turismo circular, emprendemento social e cambio climático. Logo varios destes mozos participarán en dous intercambios europeos en Bruxelas (Bélxica) e Sicilia (Italia).

Cultura



PRESENTACIÓN DO LIBRO “ANDRÉ”

■ Unha obra literaria de Óscar Senra Gómez que pecha a súa triloxía.

- **Data da presentación:** o sábado 6 de abril.
- **Hora:** ás 12:30 h.
- **Lugar:** O Centro Sociocultural de Vedra.

Contando coa presenza do propio autor e de Susana Aríns.

ANDRÉ
(última entrega da triloxía de Vedra)

con **Susana Aríns** e o autor **Óscar Senra**

6 de abril | 12:30h

 **Concello de Vedra**
Centro Sociocultural de Vedra
(rua do Burgo, 36)

SENDEIRISMO O SÁBADO 20 DE ABRIL

■ A vindeira ruta será o día 20 de abril dende Pobra do Caramiñal á Praia de Mañóns.

O grupo de sendeiristas continúa realizando o “O Camiño da Orixe”.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 18 de abril.



Medio Ambiente

LOITA CONTRA A VELUTINA

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.




ELABORACIÓN DE ATRAINTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA


Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



INFORMACIÓN SOBRE CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



Se atopas un niño de velutina chama ao 012





APRENDE A CULTIVAR EN ECOLÓXICO

■ Curso de 8 horas na fin de semana do 27 e 28 de abril no Centro de Emprendemento A Estación.

- Prezo: 35 € / persoa

Sábado 27 de abril


Aprende como plantar, que plantar e cando plantar nun cultivo en ecolóxico.

Domingo 28 de abril

Visita á horta agroecolóxica Burbullas de Sol.

INSCRÍBETE!

Máis información e inscricións 693 56 26 74 ou info@biophilia-ambiental.es.



INSCRÍBETE!
+34 693 56 26 74
info@biophilia-ambiental.es

BIOPHILIA
AGENCIA AMBIENTAL



Servizos Sociais



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Liga de escoba

Información e inscricións na cafetería do Centro Social entre o 3 e o 12 de abril.

■ Bingo

Xoves 4 de abril ás 20:00 h.

■ Charla: "O Alzheimer e outras demencias"

Xoves 25 de abril ás 19:30 h.
Imparte: Héctor Ulises, psicólogo de AGADEA.

■ Circuito termal nas Termas de Outariz

Luns 29 de abril.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 16 de abril ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 9 de maio ás 20:00 h.



Excursión a Madrid da Terceira Idade de Vedra e Boqueixón.

■ XXXI Romaría da Terceira Idade de Vedra

Sábado 11 de maio ás 12:30 h. na contorna do Centro Socio-cultural da Terceira Idade de Vedra.

Programa: Misa, actuación musical e xantar de confraternidade.

Menú tradicional: empanada, polbo, carne ao caldeiro, sobremesa, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista. Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 20 €/participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto do 22 de abril ao 7 de maio.

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de prever e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



LUDOTECA MUNICIPAL EN ABRIL

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaré-



moslles a convivir con outras persoas, a ser persoas cunha mirada crítica, trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos nenos, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico e de conciliación, tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola. Comezamos un novo proxecto para coñecer e comprender o noso contorno máis próximo, o lugar onde vivimos, que recursos e cantas cousas podemos facer!!

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos : "o profesor chifrado"
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: "Xogos na Galicia"
- Taller de sombras



CORRESPONSABLES



...E EN MAIO ABRE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR DA LUDOTECA DE VERÁN

■ Como tódolos anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

O prazo de presentación de solicitudes: Do 01 ao 31 de maio de 2024, ambos incluídos. As prazas son limitadas.

Lugares de presentación de solicitudes:

- Sede Electrónica:
- Presencialmente: **PREVIA CITA (981 86 4693 ou**

981 86 4612) no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

O modelo de solicitude estará a disposición na páxina web do concello

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal.



COMISIÓN FESTEXOS XLII FESTA DO VIÑO DA ULLA – 2024

XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO

Mércores 10 de abril ás 20:00 h.

- **Conferencia:** Viticultura e cambio climático.
- **Intervén:** Diego García Santiago, responsable do Departamento de Viticultura da Adega Paco & Lola

Xoves 11 de abril ás 17:00 h.

- **Saída de campo:** Visita á Estación Experimental de viticultura e enoloxía de Ribadumia (EVEGA): Coñecemento das súas liñas de traballo, novas variedades...
- **Visita a unha adega da zona.**

Venres 12 de abril ás 20:00 h.

- **Harmonía:** viño e tapas (Cata comentada) coas seguintes intervencións: Nacho Costoya Eyo (Sumiller) e Julio Mato del Río (Cociñeiro do programa da TVG "A Voltas co Prato").
- **Acto de clausura** e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Máis información e inscricións: 981 814 691 - 619 309 958 As xornadas técnicas terán lugar na Casa de Cultura de San Miguel.

II RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

II RUTA MOTOTURÍSTICA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

XLII FESTA DO VIÑO DA ULLA

SÁBADO 13 DE ABRIL	19:00 h.	12:30 h.
Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) 12:00 h.	Armadas de Laraño (Santiago) Grupo de danza urbana Lil-kids (Narón)	CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA
VI CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público 16:00 h.	Gañadores do programa de TV "GOT TALENT 2023" Grupo de Baile Os Campiños da A.C. San Campio (Vedra)	Saúdo do Alcalde do Concello de Vedra
RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA 18:00 h.	Viño Son: 22:00 h.	PREGÓN a cargo de Fran Cañotas, presentador do programa da TVG "A voltas co prato"
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 18:00 h.	DISCO MOVIL CHOCOLATE ORQUESTRA PARÍS DE NOIA	Nomeamento dos novos membros da "Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla"
Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA 18:00-24:00 h.	DOMINGO 14 DE ABRIL	Entrega de premios da VI Cata concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla
Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA 18:30-21:00 h.	10:00 h.	FAISCAS DA PONTRAGA
HARMONÍA: VIÑO-TAPAS 18:30-21:00 h.	RUTA MOTOTURÍSTICA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA (Motoclub Val do Ulla)	Agrupación Folclórica O FIADEIRO de VIGO
Encontro cos autores da novela "CALLES DE IDA - Descubriendo la pasión por el vino"	Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 12:00 h.	Viño Son: 17:00 h.
Actuación da Charanga TNT	Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA	FESTICULTORES TROUPE REBELDIA FAMILIA CAAMAGNO
	Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA	

PULPEIROS · ATRACCIÓN INFANTÍS · AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovinouduilla.com



E EN MAIO... XXXIV FESTA DA ORELLA EN SAN FINS

■ O domingo 5 de maio chegará unha nova edición desta exaltación da orella, con produtos típicos da nosa gastronomía.

Haberá orella de porco e orella doce a prezos populares.

Tamén haberá polbo, churrasco e moito máis!!

Pregón e actuacións musicais a partir das 13:00 horas e durante toda a xornada.

A organización contará con amplos aparcadoiros.

...Moi pronto verás a súa carteleira!! Prestade moita atención!!



Parabéns



A CAROLINA ALBA

■ Veciña de San Xián de Sales e xornalista, conduce en Radio Nacional "La estación azul" (domingos ás 15:05) e en La 2 de RTVE o programa "Un país para leerlo", que percorre España radiografiando a historia, a paisaxe e a literatura de cada lugar. Animádevos a velo en RTVE Play ou en La 2 os venres ás 11:50 h. Desexamos que Carolina teña moito éxito nese empeño de achegarnos a literatura dun xeito áxil e ameno.



AO COLECTIVO DE LABORTERAPIA "AS MANS DA AVOA"

■ Polo seu labor solidario que desenvolven todo o ano e que obtén resultados como a doazón de cincocentos euros que veñen de realizar á Federación de Autismo Galicia. Un exemplo de como querer é poder!! Parabéns e a polo seguinte reto!!



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviálle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS